

# XXXII CONCURSO CIENCIAS SOCIAIS. MARATÓN DE PREGUNTAS. III CATEGORÍA. Ed. Secundaria e Bacharelato (4º ESO, 1º e 2º Bach.)


Nome: \_\_\_\_\_ Curso: \_\_\_\_\_ Sección \_\_\_\_\_

1. Completa este pasapalabra.

Por A: Río que pasa por Vilar de Barrio e Allariz.	
Por B: Cidade portuaria onde remata a Vía Apia.	
Por C: Nome da muller que posa para Courbet en <i>A orixe do mundo</i> de 1866.	
Por D: Destinataria de 14 anos dunha carta moral enviada polo "herexe" Pelagio que contrariou moito a S. Agustín.	
Por E: Palabra do Bierzo que se refire a colgarse dunha pola para columpiarte mestres estás coas vacas no monte.	
Por F: Praza principal dunha cidade romana con edificios públicos importantes.	
Por G: Dolmen que "reaparece" coa seca que rebaixa as augas do encoro de Valdecañas.	
Por H: Conxunto das augas que se encontran no planeta terra.	
Por I: En arte, talla de imaxes sagradas.	
Por K: Explotación agrícola colectiva desenvolvida na URSS.	
Por L: Conquistador das Filipinas e fundador de Manila.	
Por M: Persoa que coida e manexa a un elefante.	
Por N: Equipo de fútbol francés creado durante a II Guerra Mundial e que van de amarelo.	
Por O: Morada dos deuses gregos.	
Por P: Apelido do portador da <i>primeira boina que entrou no Congreso</i> español.	
Por R: Apelido da cineasta protexida por Hitler e autora de <i>A luz azul</i> .	
Por S: Recurso arquitectónico clásico que combina arcos con vanos alintelados.	
Por T: Cabalo homenaxeado polo artista Cattelan na obra <i>Novecento</i> de 1997.	
Por U: Montaña que está entre A Ríoxa e Soria e que ten 2228 metros de altura.	
Por V: Apelido do ditador brasileiro contra os que se sublevaron os paulistas en 1936.	
Por Z: Rúa viguesa situada entre a Gran Vía e Barcelona e que vai paralela a estas.	



1. Río que podes atravesar pasando pola ponte colgante (provincia de Pontevedra) e igrexa e localidade de Apulia onde atopamos este fuste profusamente decorado.



## 2. Contesta a estas cuestións.

1. Capital de provincia española máis oriental.	
2. Que número da revista <i>El Jueves</i> foi secuestrado en 2007 por inurias ao daquela Príncipe de Asturias e Leticia na portada por unha estar nunha actitude <i>claramente denigrante e obxectivamente infamante</i> ?	
3. En que estilo artístico clasifícase a pintura <i>O Triunfo de Baco</i> de Velázquez?	
4. Primeira muller, escritora que fixo un libro sobre as mulleres célebres da historia, que conseguiu permiso para ir á Biblioteca Nacional en días e horas de estudo con permiso da raíña rexente M <sup>a</sup> Cristina en 1837.	
5. ...e tendo en conta ese ano...Primeira liña férrea construída en territorio español?	
6. A quen lle restituíen o rei Sancho Ordóñez e a raíña Goto as vilas de <i>Taanen y Sabadelle en Navia, las de Salcedo y Domiz en Lemos</i> que lle foran confiscadas pola Aula Rexia según un documento do 19 ou 20 de febreiro do ano 928?	
7. Personaxes mitolóxicos convertidos en leóns por Cibeles para que turrasen da súa carroza.	
8. En que bisbarra atópase o municipio pontevedrés de Silleda?	
9. Como remataba a famosa pancarta contra o goberno de Felipe González en 1988, na folga xeral: <i>Felipe Isoderete no nos des la raspa cuando comes...</i>	
10. En que mar (dentro do Mediterráneo) desemboca o río Po?	
11. Dinastía que leva no poder en Qatar uns 150 anos.	
12. Árbore que dá sombra á tumba do pintor Gauguin nas Illas Marquesas.	
13. País europeo, 2º exportador de produtos alimentarios do mundo so por detrás dos EE.UU, que ten 12 millóns de porcos para unha poboación de 17 millóns de habitantes.	
14. De que porto fai loubanzas Juan Gamel ao Comisario de Finanzas (Voverio) nunha carta datada o 18 de decembro de 1622?	
15. En que país ocorreu a maior traxedia marítima en tempos de paz ao morrer máis de 4000 persoas?	
16. Quen presidía o goberno de España cando se produciu a famosa guerra de Crimea de 1853 declarando a España neutral?	
17. por certo...como remataba a frase cacareada polos propietarios agrarios de Castela que se beneficiaron nesa guerra co envío de trigo e outros produtos: <i>Agua y sol y guerra en...</i>	
18. Pseudonimo de Carmen de Burgos, primeira periodista profesional en España.	
19. Cores que aparecen na bandeira de Suecia.	
20. En que século se produciron as dúas guerras irmandiñas?	
21. Que orquestra amenizará o baile do domingo 13/10/1912 da Xuventude Republicana Radical Sagrarense según conta o diario autonomista de Unión Republicana do xoves 10/10/1912?	
22. Xefe de Estado en España entre 1924 e 1929.	
23. Que data aparece na pintura de Amalia Avia <i>La Puerta del Monigote</i> de 1979?	
24. Exemplar máis valioso dende o punto de vista histórico e científico do Museo Nacional de Ciencias Naturais de Madrid.	
25. Remata a frase que se lles dicía aos agotes, raza maldita do pirineo vasco-navarro: <i>Al agote, garrotazo en el...</i>	
26. Que estreito separa Asia de América do norte?	
27. Cineasta que morreu despeñado dun campanario dunha igrexa galega no ano da morte de Picasso.	
28. A quen parece ir dirixida a pintura de Dalí "Joven Virgen autosodomizada por los cuernos de su propia castidad"?	
29. Cales son as dúas forzas que cooperan en favor das nacións según Carlos Martínez de Campos, duque de la Torre, no seu artigo <i>La Nación, conjunto geográfico</i> publicado en xullo de 1960?	
30. Quen era rei de España cando morreu Goya?	

3. Ordea os episodios da historia do Colexio cronoloxicamente do máis antigo (número 1) ao máis moderno ou recente (número 10) na columna A; coloca o ano no que tivo lugar ese acontecemento e, na columna B ordea tamén cronoloxicamente os acontecementos que tiveron lugar neses mesmos anos.

HISTORIA DO COLEXIO	A	ANO	ACONTECEMENTO	B
Instalación do Colexio no Hotel de Mondariz-Balneario.			Falecemento da pintora Raquel Forner.	
Inauguración da estatua do beato Gárate.			Traxedia no estadio Heysel de Bruxelas.	
Por 1ª vez é elixida unha muller como Directora			Olimpiadas de Londres.	
Estuda no Colexio Camilo José Cela			Matanza da praza de Tiananmenn.	
Concesión ao P. Xaime Seixas a medalla de Castelao.			Primeiro Óscar para unha muller en mellor dirección.	
Adquisición das naves que ocupan o Centro Gárate.			Fundación R. C. Celta de Vigo.	
Visita Dña. Enriqueta Calvo Sotelo que colocou unha placa na fachada.			Comenzo da Guerra Civil española.	
Publicación do libro de Evaristo Rivera <i>Memoria de 125 anos</i> .			Guerra dos Seis Días.	
Designación de Julio Martínez como Reitor da Universidade de Comillas de Madrid.			Nacemento da famosa ovella Dolly.	
Inauguración novo pavillón bacharelato.			Adolfo Suárez presidente do goberno.	